

OFERTA PARA A ADSCRIPCIÓN EN COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE TRABALLO DE ADMINISTRATIVO/A, SECRETARÍA DA VALEDORA, Nº 12 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DA VALEDORA DO POBO POR MOTIVOS DE URXENTE E INAPLAZABLE NECESIDADE

Vacante o posto de Administrativo/a, Secretaría da Valedora do Pobo, nº 12 da Relación de Postos de Traballo da Institución da Valedora do Pobo por cesar a súa titular, e vista a proposta da Xefa do Servizo de Administración e Persoal, a Valedora do Pobo con data do 21 de xullo de 2022, resolveu:

Primeiro: Iniciar o expediente para a adscrición, mediante comisión de servizos, por motivos de urxente e inaprazable necesidade e por prazo dun ano, sen prexuízo da súa cobertura ordinaria con anterioridade, ou da súa prórroga no caso de resultar preciso, do posto de Administrativo/a, Secretaría Valedora (posto nº 12 da Relación de Postos de Traballo da Institución).

Segundo: Publicar na páxina web da Institución a oferta para a provisión en comisión de servizos do posto de traballo cuxas características se relacionan a continuación:

- Denominación: Administrativo/a, Secretaría Valedor (núm. RPT 12)
- Requisitos: funcionario/a de carreira Grupo C (C1), de calquera Administración pública.
- Nivel: 20
- Retribucións : Soldo: 11.258,66 €, complemento de destino: 6.875,54 €, complemento específico: 17.149,72 €
- Méritos que se valorarán polos servizos prestados en postos correspondentes ao grupo C (C1):
 - Experiencia na asistencia para a realización das funcións de persoas que desempeñen altos cargos ou funcións directivas (nivel 30).
 - Experiencia e coñecementos en materia de atención ao público.
 - Experiencia e coñecementos en materia de xestión de expedientes e rexistro.
 - Experiencia e coñecementos en tecnoloxías da información.

Todos os requisitos relacionados neste apartado deberán posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, en prazo de cinco días hábiles dende a publicación da oferta na web da Institución.

As persoas interesadas deberán remitir o seu currículo á dirección de correo electrónico registro@valedordopobo.gal, no que debe figurar necesariamente un número de teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico. Non se debe presentar

documentación xustificativa dos méritos alegados, que, de ser o caso, poderán ser solicitados pola Institución si o considera oportuno.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento, realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Terceiro: A Valedora do Pobo, unha vez analizados os currículos presentados, ditará resolución de adscrición á praza en Comisión de servizos, condicionada á concesión da correspondente autorización da súa Administración de orixe.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022.